



**CIRCULAR LU06/2016 - MODIFICADA**  
- Aos atletas, adestradores e clubes

**I XORNADA PISTA – DEPUTACION DE LUGO**  
**5 de marzo do 2.016**

A Delegación en Lugo da Federación Galega de Atletismo organiza o **1ª Xornada de Pista – Deputacion de Lugo**, o sábado 5 de marzo, en xornada de mañá, no *Estadio Gregorio Pérez Rivera*, patrocinada pola **Exma. Deputación de Lugo**. A proba disputarase baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices.

**REGULAMENTO**

**Art. 1.** Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2015/16) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubes de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións
- Atletas de categoría **cadete ata veterans**.

**Art. 2.** As inscricións faránse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 23:00 horas do xoves anterior a celebración das probas. **As inscricións realizadas fora de prazo, cobrarase 5 € coa entrega do dorsal.**

**Art. 3.** Nas probas de lanzamentos de disco e martelo, a mellora farase conxunta homes e mulleres.

**Art. 4.** Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición **ata 60 minutos antes da saída de cada proba**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

**Art. 5.** Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será



## Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.  
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: [fgatetismolugo@gmail.com](mailto:fgatetismolugo@gmail.com)  
Páxina Web: <http://www.fgatetismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art. 6. Os artefactos para homologar poderanse entregar ata antes das 11:30. Os martelos máximo ás 10:30.**

**Art. 7.** O horario é o seguinte:

HOMES	HORA	MULLERES
Martelo (cad a sen)	11:00	Martelo (cad a sen)
	11:30	<b>Lonxitude (cad a sen)</b>
Disco (cad a sen)	12:00	Disco (cad a sen)
3.000 m.l.	12:30	
<b>Lonxitude (cad a sen)</b>		
	12:45	800 m.l.
800 m.l.	12:55	
	13:05	400 m.l.
400 m.l.	13:15	
	13:30	Xabalina (cad a sen)

**Art. 8.** Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, 29 de febreiro do 2.016

Asdo. Pablo Gandoy López

Delegado Técnico da Delegación da FGA Lugo